



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## Decreto da Alcaldía do 29 de abril de 2015

### Antecedentes

Visto o expediente en trámite para a contratación da obra denominada “**MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DO TRAMO ANTIGO DA N-541**”, segundo proxecto de obra redactado polo Arquitecto Técnico Municipal José Luís Barros Sousa, por importe total de 74176,82 € (61303,16 € e 12873,66 € de IVE).

Visto que con data de 07.04.2014 a Mesa de Contratación resolveu excluír a Oferta presentada por Construcciones y Obras San Martiño SL, que debe ser excluída ao adolecer de erro insubsanable (preséntase un único sobre que contén a documentación técnica) e vulnerar o principio de secreto das proposicións (artigo 145 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro)

Visto que con data de 13.04.2014 procedeuse pola Mesa de Contratación á apertura da documentación correspondente ás **ofertas admitidas** en acto público co seguinte resultado:

MELLORA SEGURIDADE VIAL N-541									
	PRECIO			PLAZO		GARANTIA		MELLORAS	
	10 PUNTOS			1 PUNTOS		3 PUNTOS		4 PUNTOS	
	PRECIO	73.925,00		31		2		4	
EMPRESA	PRECIO			PLAZO		GARANTIA		MELLORAS	TOTAL
	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	PUNTOS
ORESA SL	73.925,00 €	10,00	31,00	1,00	2,00	3,00	4,00	4,00	18,00
URONOR	74.176,82 €	9,97	37,00	0,84	1,00	1,50	2,00	2,00	14,30
NEXIA INFRAESTRUTURAS SL	74.160,00 €	9,97	35,00	0,89	1,50	2,25	3,00	3,00	16,10

Visto que con data de 29.04.2015 Oresa S.L. cumprimenta o requirimento efectuado polo órgano de contratación aportando a documentación prevista no artigo 20 do prego de cláusulas e a garantía definitiva do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro

### RESOLVO:

1. Adjudicar o contrato de “**MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DO TRAMO ANTIGO DA N-541**” á empresa ORESA S.L. de acordo co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e demais condicións establecidas na súa oferta que a continuación se resumen:

A) Oferta Económica: 61.095,04 € (IVE 12.829,96 €) TOTAL: 73.925,00 €

B) Prazo de Execución: 31 días naturais



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

C)Prazo de Garantía: Dous Anos (1+1)

D)Melloras: Todas as establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

2.Requirir a ORESA S.L. para que proceda á presentación do Plan de seguridade e saúde no traballo dentro do prazo de cinco días a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación do contrato.

3.Informar á empresa Construcciones ORESA S.L. de que o seu representante legal / apoderado deberá comparecer nas oficinas municipais para a formalización do contrato dentro do prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación na data e hora que se lle determine ao efecto.

4.Informar á empresa á empresa Construcciones y Obras San Martiño SL de que a súa oferta resultou excluída por presentar un sobre único que contén só a documentación técnica sen axustarse á forma de presentación de documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares.

5.Informar ao resto das empresas licitadoras de que a súas ofertas foron descartadas ao resultar menos ventaxosas que a de ORESA S.L., consonte as puntuacións obtidas de acordo cos criterios de adxudicación establecidos polo prego e que se desglosan na presente Resolución.

6.Ordenar a publicación da presente Resolución no perfil do contratante do Concello de CotoBade e notificar aos licitadores interesados.

CotoBade 29 de abril de 2015

O Alcalde

Jorge Cubela López



O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

